



DÍA DA VOTACIÓN DO SECTOR FAMILIAS

De acordo coa Convocatoria do día sete do mes en curso, o próximo **día 28**, luns, en horario de **17:00 a 21:00 horas**, celébrase no CEIP Plurilingüe de Vite I a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores/as legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederáse da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que figuren no Censo. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto.

a) O voto será directo, segredo e non delegable.

b) Os modelos de papeletas facilitaránse na recepción do centro. Tamén as podeades descargar da [páxina web](#) do centro.

c) Cada elector deberá marcar cunha cruz **un máximo de 1 nome** dos/das candidatos/as relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.

As **candidaturas** que se presentan son as seguintes:

1.- Fernández Fernández, Eladio Diego.

2.- Lobatón Aldana, Óscar.

3.- Nieto Barreiro, Begoña.

A dirección deste Colexio anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do próximo luns, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

Santiago de Compostela, a 24 de novembro de 2022

A DIRECTORA DO CENTRO